

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA
DEPARTAMENTO DE MATEMÁTICAS
IES "POETA DÍAZ CASTRO"

CURSO 2019 - 2020

ÍNDICE

INTRODUCCIÓN	4
DATOS DO DEPARTAMENTO.....	4
CONTRIBUCIÓN ÁS COMPENTENCIAS CLAVE	6
REFERENCIA Á INCORPORACIÓN DAS PROPOSTAS DA MEMORIA DO CURSO	
ANTERIOR.....	8
METODOLOXÍA.....	8
AVALIACIÓN INICIAL	12
PROCEDEMENTOS e INSTRUMENTOS de AVALIACIÓN	12
CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN	13
ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DE SEGUIMENTO, DE RECUPERACIÓN E DE	
AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES.....	14
MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE	15
ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES	16
MATERIAIS RECOMENDADOS. RECURSOS DIDÁCTICOS.	16
PROCEDEMENTO PARA AVALIAR A PROGRAMACIÓN.....	20
MATERIAS DO DEPARTAMENTO: OBXECTIVOS, CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN,	
ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE, TEMPORALIZACIÓN E COMPETENCIAS CLAVE.....	22
1º ESO.....	23
2º ESO.....	40
3º ESO.....	55
4º ESO ENSEÑANZAS ACADÉMICAS.....	70
4º ESO ENSEÑANZAS APLICADAS.....	85
1º BAC MATEMÁTICAS I.....	99
1º BAC MATEMÁTICAS APLICADAS ÁS CIENCIAS SOCIAIS I.....	116
1º BAC MATEMÁTICAS II.....	131
1º BAC MATEMÁTICAS APLICADAS ÁS CIENCIAS SOCIAIS II.....	145

INTRODUCCIÓN

Os resultados da reflexión á que foi sometida a materia por instancias administrativas encaixan á perfección na orientación que, desde o departamento de matemáticas do IES Poeta Díaz Castro de Guitiriz, se viña esbozando nestes últimos anos.

O tratamento das distintas competencias en matemáticas foi tida en conta polo profesorado do departamento, con especial atención á comprensión lectora, pilar fundamental para a resolución de problemas na nosa materia. Os compromisos co Plan Lector e as colaboracións realizadas polo departamento con outros grupos do traballo dentro e fóra do centro educativo nos sitúan preparados para o desenvolvemento do novo currículo de matemáticas. Todo isto baixo os niveis de esixencia establecidos no departamento e procurando a mellora, ano tras ano, da calidade no ensino da nosa materia.

O novo reto que se nos presenta neste curso é a implantación do PROXECTO EDIXGAL, continuador nalgunha medida do anterior Plan Abalar, sempre e cando sexa real nun tempo prudencial a implicación da administración á hora de facilitar as dotacións das aulas e o material para os novos grupos e para os profesores implicados.

DATOS DO DEPARTAMENTO

COMPOSICIÓN DO DEPARTAMENTO

Xosé Ferreiro Fernández, Imparte as materias: Matemáticas en 2º ESO, Matemáticas I en 1º de Bacharelato, Matemáticas Aplicadas ás Ciencias sociais II en 2º Bacharelato.

Ángeles Rubinos Basanta. Imparte Matemáticas en 1º ESO, Matemáticas Orientadas ás Ensinanzas Aplicadas en 4º ESO e Matemáticas Aplicadas ás Ciencias Sociais I en 1º de Bacharelato

Francisco José Loureiro González, Xefe do departamento. Imparte as materias: Reforzo en Matemáticas 2º ESO, Matemáticas orientadas ás ensinanzas Académicas en 3º ESO, Matemáticas Orientadas ás Ensinanzas Académicas en 4º ESO e Matemáticas II en 2º de Bacharelato.

MATERIAS IMPARTIDAS POLO DEPARTAMENTO

Etapa	Curso	Materia
ESO	1º	Matemáticas
	2º	Matemáticas
	3º	Matemáticas orientadas ás ensinanzas Académicas
	4º	Matemáticas orientadas ás ensinanzas Académicas
	4º	Matemáticas orientadas ás ensinanzas Aplicadas
BACHARELATO	1º	Matemáticas I
		Matemáticas aplicadas ás ciencias sociais I
	2º	Matemáticas II
		Matemáticas aplicadas ás ciencias sociais II

CONTRIBUCIÓN ÁS COMPETENCIAS CLAVE

Segundo o decreto 86/2015, do 15 de Xullo, a materia contribúe a consecución das sete competencias clave recollidas na normativa:

- comunicación lingüística (CCL)
- matemática e básica en ciencia e tecnoloxía (CMCCT)
- dixital (CD)
- aprender a aprender (CAA)
- sociais e cívicas (CSC)
- sentido da iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE)
- conciencia e expresións culturais (CCEC).

Por outra banda, segundo a orden ECD/65/2015 do 21 de Xaneiro de 2015, o desenvolvemento competencial do alumnado valorarase poñendo en relación os estándares de aprendizaxe coas competencias clave, de xeito que se poida graduar o rendemento alcanzado en cada unha delas.

O conxunto de estándares que se relacionan cunha mesma competencia da lugar ao perfil desa competencia, facilitando a avaliación competencial do alumnado.

A continuación, describiremos como a area de matemáticas contribúe as competencias clave, e que estándares xenéricos hai asociados a cada unha das competencias. Esta descrición é xeral e común a todas as materias e niveis contemplados nesta programación.

Posteriormente para cada materia e nivel específico, este perfil competencial pode extraerse das táboas de concreción detalladas, que reflicten a relación entre os distintos estándares de aprendizaxe coas sete competencias clave sinaladas pola normativa en vigor.

Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT).

Dende a area de Matemáticas traballaremos en todos os cursos e materias fundamentalmente, cos seguintes estándares xenéricos de aprendizaxe asociados a esta competencia:

- Toma conciencia dos cambios producidos polo home no entorno natural e as repercusións para a vida futura.
- Recoñece a importancia da ciencia na nosa vida cotiá.
- Aplicar métodos científicos rigorosos para mellorar a comprensión da realidade circundante.
- Manexa os coñecementos sobre ciencia e tecnoloxía para solucionar problemas e comprender o que ocorre o noso arredor.
- Manexa a linguaxe matemática con precisión en calquera contexto.
- Identifica e manipula con precisión elementos matemáticos (números, datos, elementos xeométricos) en situacións cotiás.
- Aplica os coñecementos matemáticos para a resolución de situacións problemáticas en contextos reais e en calquera materia.
- Realiza argumentacións en calquera contexto con esquemas lóxico-matemáticos.
- Aplica as estratexias de resolución de problemas a calquera situación problemática.

Comunicación lingüística (CCL).

Desde a área de Matemáticas traballaremos, fundamentalmente, cos seguintes estándares xenéricos de aprendizaxe asociados a esta competencia:

- Comprende o sentido dos textos escritos.
- Capta o sentido das expresións orais: ordes, explicacións, indicacións, relatos...
- Expresa oralmente, de maneira ordeada e clara, calquera tipo de información.
- Utiliza os coñecementos sobre a lingua para buscar información e ler textos en calquera situación.
- Produce textos escritos de diversa complexidade para o seu uso en situacións cotiás ou de materias diversas.

Competencia dixital (CD).

Desde a área de Matemáticas traballaremos, fundamentalmente, cos seguintes estándares xenéricos de aprendizaxe asociados a esta competencia:

- Emprega distintas fontes para a búsqueda de información.
- Selecciona o uso das distintas fontes segundo a súa fiabilidade.
- Elabora e publicita información propia derivada de información obtida a través de medios tecnolóxicos.
- Comprende as mensaxes que veñen dos medios de comunicación.
- Manexa ferramentas dixitais para a construción de coñecemento.
- Actualiza o uso das novas tecnoloxías para mellorar o traballo e facilitar a vida diaria.
- Aplica criterios éticos no uso das tecnoloxías.

Aprender a Aprender (CAA).

Desde a área de Matemáticas traballaremos, fundamentalmente, cos seguintes estándares xenéricos de aprendizaxe asociados a esta competencia:

- Identifica potencialidades persoais: estilos de aprendizaxe, intelixencias múltiples, funcións executivas...
- Aplica estratexias para a mellora do pensamento creativo, crítico, emocional, interdependente...

IES Poeta Díaz Castro

- Desenvolve estratexias que favorezan a comprensión rigorosa dos contidos.
- Planifica os recursos necesarios e os pasos a realizar no proceso de aprendizaxe.
- Segue os pasos establecidos e tomar decisións sobre os pasos seguintes en función dos resultados intermedios.
- Avalía a consecución de obxectivos de aprendizaxe.
- Toma conciencia dos procesos de aprendizaxe.

Competencias sociais e cívicas (CSC).

Desde a área de Matemáticas traballaremos fundamentalmente cos seguintes estándares xenéricos de aprendizaxe asociados a esta competencia:

- Desenvolve a capacidade de diálogo cos demais en situacións de convivencia e traballo e para a resolución de conflitos.
- Mostra dispoñibilidade para a participación activa en ámbitos de participación establecidos.
- Recoñece a riqueza na diversidade de opinións e ideas.

Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE).

Desde a área de Matemáticas traballaremos fundamentalmente cos seguintes estándares xenéricos asociados a esta competencia:

- Optimiza recursos persoais apoiándose nas fortalezas propias.
- Asume as responsabilidades encomendadas e da conta delas.
- É constante no traballo superando as dificultades.
- Dirixe a necesidade de axuda en función da dificultade da tarefa.
- Prioriza a consecución de obxectivos grupais a intereses persoais.
- Xera novas e diverxentes posibilidades desde coñecementos previos do tema.O
- optimiza o uso de recursos materiais e persoais para a consecución de obxectivos.
- Actúa con responsabilidade social e sentido ético no traballo.

Conciencia e expresións culturais.

Desde a área de Matemáticas traballaremos fundamentalmente cos seguintes estándares de aprendizaxe asociados a esta competencia:

- Mostra respecto as obras máis importantes do patrimonio cultural a nivel mundial.
- Aprecia os valores culturais do patrimonio natural e da evolución do pensamento científico.
- Elabora traballos e presentacións con sentido estético.

REFERENCIA Á INCORPORACIÓN DAS PROPOSTAS DA MEMORIA DO CURSO ANTERIOR

Dúas cousas son as destacada de forma especial na memoria do curso anterior, dunha banda buscar unha maior rigurosidade á hora de levar á práctica a temporalización dos contidos de cada curso, e por outro lado a necesidade de espazos materiais e instalacións para un óptimo tratamento das TICs.

METODOLOXÍA

Procurarase que a aprendizaxe sexa significativa e que esta se base nos coñecementos previos do alumno, ademais de ter en conta que os coñecementos adquiridos en primaria non deben darse por consolidados en moitos casos. Polo tanto deberase realizar un estudo inicial para detectar dificultades que en cada intre teñen os alumnos para así facilitar a comprensión dos conceptos novos e o afianzamento dos anteriormente adquiridos.

Estimular a participación do alumnado para que sexa este quen constrúa o seu propio aprendizaxe, guiado polo profesor, que será o que indique as actividades que debe realizar para conseguir este obxectivo, tendo en conta a individualidade de cada un.

Volveremos a traballar algúns contidos de primaria para profundizar neles ou utilízalos desde outro punto de vista. Esta recorrencia de contidos axudará a que os alumnos os vaian adquirindo dunha forma máis sólida, mellorando os procedementos e enchendo de significado os conceptos.

En canto ó uso da calculadora, introducirase tratando de que os alumnos se familiaricen co seu funcionamento, sabendo distinguir entre os cálculos que convén facer con ela e nos que é mellor non usala, sendo o profesor ou a profesora quen decida como e cando se ten que usar. De calquera xeito sempre os alumnos poderán, e deberán, utilizala na súa casa no momento de estudar para comprobar as operacións que están a realizar.

Darase moita importancia ao cálculo mental. Expoñeranse actividades e facilitaráselles aos alumnos información con contidos relacionados, ademais traballarase nas clases de xeito habitual sempre que as operacións a realizar sexan axeitadas para el.

En canto á resolución de problemas tratarase de contextualizar de forma que non se presenten os conceptos e as técnicas sen aportar situacións as que podelos aplicar. Utilizaranse como modelos a seguir os problemas que nos diferentes concursos foron aparecendo en cada tramo de idade.

Debemos facerlles ver que, en moitas situacións, non existe só unha maneira de resolver os problemas, fomentando a posta en común de procedementos e recursos empregados para chegar ao resultado correcto.

As actividades que se expoñan intentaremos que xiren en torno a contextos que lle sexan próximos e coñecidos, para favorecer a motivación e o interese.

É moi importante que consigamos que o alumno aprenda a aprender atopando estratexias que lle permitan sacar máis partido ao seu traballo, para elo é necesario que realice actividades variadas, tanto as recomendadas polo profesor ou profesora como outras elixidas por el mesmo, comprobe os erros e descubra a forma de evitalos, sendo neste apartado fundamental o uso da calculadora como ferramenta que axuda a comprobar as solucións numéricas. Para comprobar os seus avances o profesorado poderá facer preguntas orais, exixir traballos ou ben realizar preguntas por escrito, ben de xeito individual ou

IES Poeta Díaz Castro

colectivo, programadas, ou non, con anterioridade. Debemos animar aos alumnos a que aproveiten os erros para sacar conclusións, aprender destes e non volver a reproducilos.

Estes principios metodolóxicos deben ser levados á práctica a través de:

DIFERENTES TIPOS DE PROBLEMAS

A elaboración e a elección axeitada de problemas e exercicios ben de libros, ou doutras fontes, para a súa resolución na aula ou na casa debe ser complementada con traballos de grupo e de investigación tanto na aula como fóra dela. Ao tratarse dunha materia cun alto grao de abstracción, dependendo do nivel cómpre recorrer cando proceda a enunciados de carácter interdisciplinar. A resolución de problemas da vida cotiá utilizando as ferramentas matemáticas adquiridas non pode ser eludida na consecución dunha aprendizaxe significativa. É fundamental que o alumnado busque ben en libros ou na internet, ou noutros soportes, exercicios que complementen a súa formación para acadar os coñecementos necesarios que lle axuden a mellorar as súas competencias.

EDIXGAL

No primeiro curso da ESO entrará en vigor web con contidos adaptados aos diferentes cursos para a súa utilización nas aulas ABALAR, segundo o criterio do profesor correspondente. Para o resto de cursos, en consonancia coa tendencia marcada co Proxecto Edixgal a Aula Virtual do centro será utilizada como plataforma para a presentación ordeada ao alumnado de múltiples contidos tanto para o traballo na aula como o traballo persoal fora dela.

ESTRATEGIAS XERAIS DE RESOLUCIÓN DE PROBLEMAS

A resolución de problemas pódese afrontar partindo de estratexias xerais que debe coñecer e asumir o alumnado relacionando as diferentes áreas do coñecemento matemático en que se divide a materia. Para conseguilo é imprescindible valorar e fomentar actitudes como unha boa estruturación do caderno, o gusto pola presentación ordenada dos procesos, cálculos e resultados obtidos e nas representacións gráficas de obxectos. O recoñecemento e valoración das relacións entre as diferentes formas de expresión da linguaxe matemática é o camiño para relacionar os contidos da materia.

UTILIZACIÓN DE MEDIOS AUDIOVISUAIS

Hoxe en día atópanse unha gran variedade de vídeos educativos sobre todas as áreas do coñecemento matemático aos que se debe recorrer para acadar unha aprendizaxe máis gráfica e visual. As avaliacións destas sesións de vídeos, diapositivas ou transparencias tanto desde o punto de vista do alumnado como do propio material empregado pódese realizar de diferentes maneiras, como, por exemplo, cumprimentando un cuestionario antes da súa exposición e outro ou o mesmo cuestionario ao final. Deste xeito conseguírase, ademais de determinar a idoneidade da sesión de traballo, un alto grao de atención por parte do alumnado.

Esta utilización dos medios audiovisuais, non pode afastar os alumnos do uso das ferramentas clásicas como escuadras, compás, cartabón, semicírculo graduado, etc... que seguen a ter importancia na súa formación.

HISTORIA DAS MATEMÁTICAS E DA INFORMÁTICA

O proceso histórico de construción das matemáticas, e da informática, debe ser un elemento motivador e interdisciplinar que encaixa a perfección nos obxectivos desta etapa educativa.

AS TIC NA ASIGNATURA

O uso da informática e as novas tecnoloxías pasa a ser, máis que un recurso posible no ensino das matemáticas, un elemento imprescindible na súa aprendizaxe posto que ao tratarse dunha materia de

marcado carácter experimental, o achegamento ás novas tecnoloxías faise imprescindible, tanto a utilización como ferramenta de resolución de problemas, como na busca e utilización da gran cantidade de recursos didácticos que ofrecen, aínda que non debemos esquecer as ferramentas clásicas que axuden a desenvolver capacidades individuais das nosas alumnas e alumnos.

Un recurso fundamental nesta etapa é a calculadora científica e as follas de cálculo, o uso da calculadora estará limitado a aquelas operacións nas que sexa didacticamente aconsellable. Considérase, por tanto, que a capacidade de cálculo mental do alumnado é un obxectivo fundamental a desenvolver.

Ademais das calculadoras, as novas tecnoloxías permítennos achegarnos a espazos comúns da comunidade matemática do mundo e compartir recursos a través de internet. Este achegamento constitúe tamén un obxectivo xeral desta etapa educativa.

A aparición de diferentes programas informáticos como recurso didáctico amósase imparable, e o departamento debe estar alerta ante a aparición destes novos recursos. Segundo as directivas da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria o uso de aplicacións de código libre debe ser fomentada polo profesorado. Ademais a utilización de programas xa clásicos como “Derive”, “Cabri”, “Geogebra” ou Excel deberán constituír ferramentas de gran utilidade no proceso ensino-aprendizaxe.

A Aula Virtual do centro é un recurso importante a explotar, dende o departamento se poñerá a disposición do alumnado gran cantidade de recursos para unha mellor comprensión da materia e como unha forma de potenciar a autonomía na aprendizaxe por parte do alumno, a importancia de aprender a aprender.

COMPROMISOS CO PLAN LECTOR

O IES Poeta Díaz Castro de Guitiriz é un centro fortemente comprometido coa lectura en todas as etapas educativas nas que actúa, e nesa liña tamén está o departamento de matemáticas, que desde fai anos ten como actividade complementaria para as alumnas e alumnos de todos os cursos a lectura reflexiva de libros ao longo de cada curso. Ao tempo fóronse seleccionando outros libros axeitados para cada tramo de idade, para que de forma voluntaria os alumnos aumentaran o seu índice de lectura, incentivándose desde o departamento a procura deste hábito.

A través da biblioteca, integrada no Plan Mellora, deséñanse actividades de fermento da lectura que vinculan a todo o centro, e, en particular, a cada un dos seus departamentos docentes.

O departamento de matemáticas non podía, sendo un precursor, manterse alleo a estas medidas nin ao conxunto de medidas dinamizadoras que figuran no Plan Lector do centro. Nas clases de matemáticas promoverase actividades do tipo: Lectura conxunta e individualizada de fragmentos textos matemáticos que figuren en libros de texto da materia ou en textos aportados directamente polo profesorado.

Realización de comentarios de textos matemáticos de tipo histórico, técnico ou que leven implícito a realización dun ou varios problemas matemáticos. Proposta de lectura de libros de lectura con contido matemático adaptados a cada curso.

O establecemento da Hora de Ler promovida pola Biblioteca do centro contará co apoio e colaboración do profesorado do departamento. Queda excluído deste apartada os grupos de Bacharelato.

AVALIACIÓN INICIAL

A avaliación inicial levarase a cabo a través de preguntas orais ou escritas no inicio de cada un dos bloques de contidos, para detecta-las dificultades de cada un dos alumnos e poder traballar con actividades de reforzo e apoio aqueles aspectos necesarios para que as aprendizaxes sexan significativas. Así mesmo esta avaliación inicial permitiranos comprobar o progreso do alumnado.

Destacan as probas de avaliación inicial que se lles farán aos alumnos de 1º de ESO, nos primeiros días do curso, e que terán unha dobre misión, comprobar a realidade dos seus coñecementos e se están acordos coas cualificacións e os informes que posúan. Estas probas se lles repetirán ao final de curso para comprobar a súa evolución no seu primeiro ano como alumnos do instituto.

PROCEDEMENTOS e INSTRUMENTOS de AVALIACIÓN

Os procedementos e instrumentos de recollida de información que se van aplicar serán os seguintes:

- Probas escritas (mínimo dúas por avaliación na ESO e unha en Bacharelato)
- O seguimento do traballo diario dos alumnos/as (realización das actividades propostas, orde e boa presentación no caderno, correcta ortografía, dispoñibilidade do material adecuado)
- Observación do alumno/a na aula (cumprimento das normas, atención, esforzo, interese, iniciativa, participación, traballo en equipo...)
- Evolución do alumno/a ao longo do curso e as capacidades do mesmo.
- Lecturas do itinerario lector na ESO
- Traballos obrigatorios ou voluntarios na ESO (traballos de exposición oral bibliográficos, concursos ...)
- Actividades propostas a través da aula virtual do centro (Tests, actividades interactivas, ...)

Nas probas escritas formularanse cuestións, problemas ou exercicios, similares aos realizados na aula co profesor. Presentando distintos graos de complexidade e primando o proceso fronte ao resultado.

Non se corruxirán os exercicios feitos a lapis, non se poderá usar corrector e farase uso da calculadora nos exercicios ou probas, que o profesor estime oportunos.

A ausencia de explicacións no desenrolo dos problemas repercutirá negativamente na súa valoración, podendo chegar a ter unha puntuación nula se só aporta a solución numérica. Reciprocamente, aínda que o resultado non sexa o correcto, terase en conta a presentación e desenvolvemento do problema. Cada exercicio irá acompañado da súa puntuación máxima.

As faltas de ortografía terán unha penalización de 0,1 puntos cada unha ata un máximo de 1 puntos.

Tamén se valorará a orde, claridade e limpeza coa que está realizado o exame, podendo restarse 1 punto como máximo por este concepto.

As distintas probas escritas desenrolaranse en silencio, para que cada alumno/a poda concentrarse no seu traballo. Se algún alumno/a intenta copiar ou comunicarse cun compañeiro/a, este será advertido polo profesor, chegando a retirárselle o exame se persiste a súa actitude. A cualificación asignada a proba, nese caso, será de cero puntos. Cando se observe que se están empregando medios ilícitos (libros, chuletas, medios electrónicos...) retiráselle a proba de maneira inmediata, e asignaráselle a mesma cualificación de cero puntos.

Se unha vez cualificada a proba, se advirte unha coincidencia entre dous alumnos/as, máis alá do que se poda considerar razoable, o profesor poderá facerlles todas as probas que considere oportunas para unha mellor avaliación dos seus coñecementos.

Se un alumno rexeita reiteradamente a realización das tarefas encomendadas, amosa abandono e/ou desprezo polo traballo e pola materia e/ou obstaculiza o traballo que se fai na clase, tanto por parte do profesor coma dos demais compañeiros: nestes casos a cualificación será insuficiente, independentemente de cal fora a conseguida nas distintas probas. O profesor informará na aula destas circunstancias e comunicarao ao titor para que se poñan en coñecemento do país.

No caso de perda do dereito á avaliación continua terá que superar un exame de toda a materia.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN EN MATEMÁTICAS

Para cada avaliación terase en conta o seguinte criterio de puntuacións máximas:

Na ESO

- 75% as probas escritas.
- 10 % o traballo diario
- 10% a actitude e comportamento na aula
- 5% Traballos de exposición oral. Compromiso adquirido por parte do profesorado dos grupos correspondentes coa comisión de mellora das competencias básicas.

No BACHARELATO

- 80% as probas escritas
- 15% traballos (boletíns de exercicios, traballo diario en aula,...)
- 5% a actitude e comportamento na aula

Nalgún tema pódese propor a realización de traballos en grupo ou individuais que intervirán dentro da obtención da media da proba escrita correspondente ó tema, valendo como nota definitiva no caso de non existir unha proba escrita.

Para calcular a nota das probas escritas de cada avaliación farase a media aritmética de tódalas probas na avaliación, para poder facer dita media aritmética será necesario que a nota dos exames supere o 35% da nota máxima (3,5 puntos sobre 10).

A porcentaxe do traballo diario, conformarao a realización de actividades propostas aula /casa, organización e presentación do caderno, libros voluntarios de lectura, traballos e dispoñibilidade do material necesario para a realización de ditas actividades.

IES Poeta Díaz Castro

A porcentaxe da actitude e comportamento na aula, refírese ao esforzo, interese, iniciativa, participación na realización das tarefas no encerado, comportamento...

Para a nota da avaliación final ordinaria terase en conta o seguinte criterio:

- Media aritmética das tres avaliacións, sempre e cando nestas se teña un mínimo de 3,5 puntos.
- Para a nota final Xade aplicarase o redondeo.

Se algún alumno/a non acada un cinco nalgunha avaliación, realizará unha proba de recuperación. No caso de superala, a nota da avaliación elaborárase substituíndo a nota da parte proporcional destinada ao exame pola acadada na recuperación.

Para a superación da materia será necesario que a media das tres avaliacións sexa superior ou igual a 5, sempre e cando nestas se teña un mínimo de 3,5 puntos.

Se o alumno/a non supera a materia por avaliacións, poderá ir ao exame final de xuño, para recuperar a parte ou partes suspensas, ou se fora necesario, a recuperación de toda a materia.

A falta non xustificada a un exame equivale a un cero no mesmo. Se a falta é xustificada o profesor poderá establecer outra data para facelo, ou determinar unha cualificación en función dos datos que ten do alumno ata ese momento.

Superación da materia na proba extraordinaria de setembro:

No caso de non acadar unha cualificación igual ou superior a 5 na sesión de avaliación ordinaria de xuño, o alumno ou alumna deberá facer unha proba extraordinaria en setembro, na que deberá examinarse de toda a materia, independentemente de que durante o curso tivera algunha avaliación superada.

Para acadar unha avaliación extraordinaria de setembro positiva, só se terá en conta a cualificación desta proba escrita, que deberá ser igual ou superior a 5.

Organización das actividades de seguimento, de recuperación e de avaliación das materias pendentes.

Os alumnos que teñan a materia pendente terán un seguimento por parte do profesor ou profesora que imparta a materia nese grupo no curso vixente.

Aos alumnos coa materia pendente entregaránelles boletíns de exercicios de repaso, e facilitaránelles as solucións dos mesmos. Tamén se lle facilitará a consulta de dúbidas nos recreos, co obxecto da súa preparación para as probas escritas. Cada alumno que teña esta materia suspensa terá unha proba en cada avaliación, nas datas que, cada ano, se estimen máis oportunas por parte do Claustro a proposta da Comisión de Coordinación Pedagóxica, que eliminarán materia en caso de superalos de forma satisfactoria, e un exame final onde poderá recuperar a parte que teña suspensa. Isto non será aplicable na proba extraordinaria de setembro, na que o exame abarcará toda a materia do curso correspondente. A puntuación de cada parcial obterase facendo unha media ponderada entre a proba escrita (80%) e os exercicios de repaso (20%). A nota final será a media aritmética das notas parciais, aplicando o redondeo para obter un número enteiro.

No caso de necesitar o exame final, a nota final obterase ponderando a nota do exame (80%) e a nota dos boletíns (20%).

MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Hai alumnos con diferentes características físicas e sociais. Por iso, vamos a adaptarnos no posible as diferentes circunstancias que encontraremos, intentando que cada alumno reciba a mellor educación posible. As actividades da ensinanza e aprendizaxe, acomodaremos ás necesidades do alumnado, de tal forma que coas súas capacidades, poidan participar ao máximo nelas. Isto pódese conseguir utilizando as linguaxes diferentes para expresar os mesmos conceptos, dedicar mais tempo aos alumnos que mais o necesiten, proporcionar actividades que se relacionen coa vida real e que axuden ao alumno a comprender mellor os conceptos.

Para que os alumnos poidan comprender mellor os contidos, intentarase que teñan acceso ao maior número de material e recursos didácticos posibles, como libros, ordenadores con acceso a internet, calculadoras científicas e gráficas, material xeométrico, material manipulativo, etc.

Formularemos tamén diferentes niveis de esixencia, sobre os mesmos contidos, organizando diferentes tipos de actividades e ofrecendo motivacións diferentes para os distintos grupos de alumnos.

Ademais do tratado anteriormente, traballarase de forma conxunta co Departamento de Orientación, para no caso de detectar calquera problema, poder acudir a el en busca de achegas e axuda, de xeito que os alumnos que presentan problemas e dificultade para o seguimento normal da materia, poidan ser agrupados, ben con reforzos, ben con ACIs, , ou ben en cursos posteriores a Plans de Diversificación Curricular, ou aos PCPIs .

As familias, dentro da súa responsabilidade, terán que colaborar nesa tarefa polo que será necesario, en caso de que algún alumno necesite atención individualizada, que ben a nai ou o pai teña contacto frecuente co profesor correspondente.

No caso de que o alumno non puidese asistir ao centro, as probas escritas, previo acordo do departamento de matemáticas, poderán ser realizadas diante do profesor titor do alumno, ou dun profesor nomeado especificamente pola Consellería.

IES Poeta Díaz Castro

A realización das probas escritas, ou orais, faranse coa flexibilidade que recomende o profesor titular, o profesor titor e o departamento de orientación. Tendo en conta que ao depender delas unha porcentaxe moi elevada da nota final, será preciso realizalas.

Medidas extraordinarias:

En relación ás medidas extraordinarias de atención á diversidade temos en 1º de ESO algún alumno con posibilidades de adaptación curricular en función do expediente anterior, aínda que esta por avaliar polo departamento de orientación. En 3º de ESO temos un alumno cunha adaptación curricular significativa por tratarse dun alumno con TEA, recibe na maioría das materias, e en particular Matemáticas, unha atención individualizada por parte das profesoras de Pedagogía terapéutica.

ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

O departamento de matemáticas está aberto a colaborar con outros departamentos, fundamentalmente do ámbito científico, para elaborar actividades conxuntas que acheguen aos alumnos a ciencia en xeral.

As actividades plantexadas nun principio polo departamento son:

- Visita INE Lugo, Bacharelato, 2ª avaliación.
- Organización do concurso “Reto matemático” en colaboración coa biblioteca do centro. Consistente nun problema ou enigma para resolver semanalmente.
- Concurso Canguro matemático 2020, aberto a todo o alumnado do centro (sempre e cando teñamos un mínimo de participantes)
- Olimpíada matemática, 2º ESO. Fase de centro en marzo (unha proba para escoller dous representantes por grupo de 2º de ESO para representar ao centro na fase de zona en abril)
- “Matemáticas na Raia” para 3º ESO. Mes de marzo.

Así mesmo fomentaremos a participación dos alumnos en actividades de divulgación científica e matemática.

MATERIAIS RECOMENDADOS. RECURSOS DIDÁCTICOS.

- ✓ EDIXGAL: en primeiro e segundo da ESO o departamento de matemáticas asumiu o compromiso de participar no Proxecto Edixgal, polo que os materiais e o método de traballo están condicionados polo propio Proxecto

Libros de texto

En reunión de departamento decidiuse non utilizar libro de texto de xeito oficial e obrigatorio, polas limitacións que leva consigo, e máis no momento en que a aposta pola utilización das novas tecnoloxías se está a realizar.

Non obstante daráselle ao alumnado a posibilidade de que de xeito particular poidan ter un libro de consulta, para o que o departamento porase en contacto coa biblioteca e desde ela se canalice este préstamo, sempre e cando sexa posible.

Material elaborado polo profesor tanto para a aula física como virtual.

Recursos de internet.

Tangram, pentominós, caixas de poliedros, fichas, dados

MATERIAL NECESARIO PARA A MATERIA DE MATEMÁTICAS

- ✓ Calculadora científica simple tipo FX
- ✓ Material de debuxo: compás, regra, escuadra e cartabón
- ✓ Follas con cuadrícula
- ✓ Pendrive

Libros de lectura voluntaria recomendados para o curso 2017 - 2018

1º ESO

La selva de los números	Ricardo Gómez	Ed. Alaguara
O Principiño	Saint-Exupery, Antoine De	Ed. Galaxia
Alucina con las mates	Johnny Ball	Ed. S. M.
Astronomía para niños y jóvenes	Janice Van Cleave	Ed. Limusa
¡Ojalá no hubiera números!	Esteban Serrano Marugán	Ed. Nivola

2º ESO

El asesinato del profesor de matemáticas	Jordi Sierra i Fabra	Ed. Anaya
El señor del cero	M ^a Isabel Molina.	Ed. Alaguara
Alucina con las mates	Johnny Ball	Ed. S.M.
¿Odias las matemáticas?	Vallejo Nágera	Ed. Martínez Roca
Esas mortíferas mates	Kjartan Poskitt	Ed. Molino
País de las mates para novatos	L. C. Norman	Ed. Nivola

3º ESO

Malditas matemáticas	Carlo Frabetti	Alaguara (Juvenil)
Los 10 magníficos	Anna Cerasoli	Editorial Maeba
Alucina con las mates	Johnny Ball	Editorial S. M.
Matecuentos cuentamates 2	Joaquín Collantes Hernández.	Ed. Nivola
El país de las mates para expertos	L.C. Norman	Ed. Nivola
¡Más mortíferas Mates!	Kjartan Poskitt	Ed. Molino
Bruno y la casa del espejo	Ricardo Gómez	Ed. Alaguara

4º ESO

IES Poeta Díaz Castro

El curioso incidente del perro a medianoche	Mark Haddon	Ed. Quinteto
La fórmula preferida del profesor.	Yoko Ogawa.	Ed. Funambulista.
Alucina con las mates	Johnny Ball	Editorial S. M.
Matecuentos cuentamates 3	Joaquín Collantes Hernández	Ed. Nivola
El matemático del rey	Juan Carlos Arce	Ed. Planeta
El señor del cero	María Isabel Molina	Ed. Alfabuara
Los viajes de Gulliver	SWIFT, JONATHAN	Ed. Varias
La sorpresa de los números	Anna Cerasoli	Editorial Maeba
El gran juego	Carlo Frabetti.	Editorial Alfabuara

BACHARELATO

El diablo de los números	ENZENSBERGER, HANS M.	Ed. Siruela
El tío Petrus y la conjetura de Goldbach	Doxiadis, Apostolos	Ed. B
Alucina con las mates	Johnny Ball	Editorial S. M.
Alicia en el país de las maravillas	Lewis Carroll	Editoriales varias
Alicia a través del espejo	Lewis Carroll	Editoriales varias
Matemáticas es nombre de mujer	Susana Mataix	Rubés Editorial
Matemáticas a través de la prensa	José Chamoso y otros	Ed. Nivola

PROCEDEMENTO PARA AVALIAR A PROGRAMACIÓN

Nas reunións de departamento farase unha posta en común do tratamento en conxunto da parte da programación que se leva impartido ata ese momento, para elo cumprimentaremos a seguinte plantilla

DEPARTAMENTO DE MATEMÁTICAS				
CURSO 2019 – 2020				
Trimestre, curso e grupo	Grao de desenvolvemento acadado na programación		Alteracións, desfase, incidencias con respecto á programación	Observacións:
Obxectivos, contidos e estándares de aprendizaxe	Inferior ao previsto			
	Segundo o previsto			
	Superior ao previsto			
Temporalización (Distribución de contidos)	Segundo a programación			
	Menos			
	Máis			
Metodoloxía				
Avaliación	Nº cualificacións negativas			
	Nº cualificacións positivas			
Procedementos e instrumentos de avaliación	Os establecidos			
	Con modificacións (aclarar)			
Criterios de cualificación	Os establecidos			
	Con modificacións (aclarar)			
Medidas de atención á diversidade (ACIs)	ACI significativas			
	ACI non significativas			
Reforzos a alumnos con dificultades de aprendizaxe	Saen a clases de apoio (nº alumnos)			
	Obteñen reforzo na aula (nº alumnos)			
Plan de lectura	Lectura voluntaria (media grupo)			

IES Poeta Díaz Castro

Recursos	Material elaborado polo profesor			
	Fotocopias			
	Recursos de internet			
	Calculadora, Tamgran, ...			
	Libros de Lectura			
Actividades extraescolares				
Melloras suxeridas para a programación do vindeiro curso.				

MATERIAS DO DEPARTAMENTO: OBXECTIVOS, CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE, TEMPORALIZACIÓN E COMPETENCIAS CLAVE.

OBXECTIVOS DA ESO

A educación secundaria obrigatoria contribuirá a desenvolver nos alumnos e nas alumnas as capacidades que lles permitan:

- a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.
- b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.
- d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.
- e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.
- f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en materias, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.
- g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.
- h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.
- i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.
- l) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.
- m) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.
- n) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.
- ñ) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística

e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.

o) Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersoal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas.

OBXECTIVOS, CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE, COMPETENCIAS CLAVE. 1º ESO

Matemáticas. 1º de ESO				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
Bloque 1. Procesos, métodos e actitudes en matemáticas				
f h	B1.1. Planificación e expresión verbal do proceso de resolución de problemas.	B1.1. Expresar verbalmente e de forma razoada o proceso seguido na resolución dun problema.	MAB1.1.1. Expresa verbalmente e de forma razoada o proceso seguido na resolución dun problema, coa precisión e o rigor adecuados.	CCL CMCCT
e f h	B1.2. Estratexias e procedementos postos en práctica: uso da linguaxe apropiada (gráfica, numérica, alxébrica, etc.), reformulación do problema, resolución de subproblemas, reconto exhaustivo, comezo por casos particulares sinxelos, procura de regularidades e leis, etc. B1.3. Reflexión sobre os resultados: revisión das operacións utilizadas, asignación de unidades aos resultados, comprobación e interpretación das solucións no contexto da situación, procura doutras formas de resolución, etc.	B1.2. Utilizar procesos de razoamento e estratexias de resolución de problemas, realizando os cálculos necesarios e comprobando as solucións obtidas.	MAB1.2.1. Analiza e comprende o enunciado dos problemas (datos, relacións entre os datos, e contexto do problema). MAB1.2.2. Valora a información dun enunciado e relaciónaa co número de solucións do problema. MAB1.2.3. Realiza estimacións e elabora conxecturas sobre os resultados dos problemas para resolver, valorando a súa utilidade e eficacia. MAB1.2.4. Utiliza estratexias heurísticas e procesos de razoamento na resolución de problemas, reflexionando sobre o proceso de resolución.	CMCCT CMCCT CMCCT CMCCT CAA
b e	B1.2. Estratexias e procedementos postos en práctica: uso da linguaxe apropiada (gráfica,	B1.3. Describir e analizar situacións de cambio, para encontrar patróns, regularidades e leis	MAB1.3.1. Identifica patróns, regularidades e leis matemáticas en situacións de cambio, en contextos	CMCCT CCEC

Departamento de Matemáticas

Matemáticas. 1º de ESO				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
f g h	numérica, alxébrica, etc.), reformulación do problema, resolución de subproblemas, reconto exhaustivo, comezo por casos particulares sinxelos, procura de regularidades e leis, etc. B1.4. Formulación de proxectos e investigacións matemáticas escolares, en contextos numéricos, xeométricos, funcionais, estatísticos e probabilísticos, de xeito individual e en equipo. Elaboración e presentación dos informes correspondentes.	matemáticas, en contextos numéricos, xeométricos, funcionais, estatísticos e probabilísticos, valorando a súa utilidade para facer predicións.	numéricos, xeométricos, funcionais, estatísticos e probabilísticos.	CMCCT
			MAB1.3.2. Utiliza as leis matemáticas achadas para realizar simulacións e predicións sobre os resultados esperables, valorando a súa eficacia e idoneidade.	
b e f	B1.3. Reflexión sobre os resultados: revisión das operacións utilizadas, asignación de unidades aos resultados, comprobación e interpretación das solucións no contexto da situación, procura doutras formas de resolución, etc.	B1.4. Afondar en problemas resoltos formulando pequenas variacións nos datos, outras preguntas, outros contextos, etc.	MAB1.4.1. Afonda nos problemas logo de resolvelos, revisando o proceso de resolución e os pasos e as ideas as importantes, analizando a coherencia da solución ou procurando outras formas de resolución.	CMCCT
			MAB1.4.2. Formúlase novos problemas a partir dun resolto, variando os datos, propondo novas preguntas, resolvendo outros problemas parecidos, formulando casos particulares ou máis xerais de interese, e establecendo conexións entre o problema e a realidade.	CMCCT CAA
b f h	B1.4. Formulación de proxectos e investigacións matemáticas escolares, en contextos numéricos, xeométricos, funcionais, estatísticos e probabilísticos, de xeito	B1.5. Elaborar e presentar informes sobre o proceso, resultados e conclusións obtidas nos procesos de investigación.	MAB1.5.1. Expón e argumenta o proceso seguido, ademais das conclusións obtidas, utilizando distintas linguaxes (alxébrica, gráfica, xeométrica e estatístico-	CCL CMCCT

Matemáticas. 1º de ESO				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	individual e en equipo. Elaboración e presentación dos informes correspondentes.		probabilística).	
a b c d e f g	B1.5. Práctica dos procesos de matematización e modelización, en contextos da realidade e en contextos matemáticos, de xeito individual e en equipo.	B1.6. Desenvolver procesos de matematización en contextos da realidade cotiá (numéricos, xeométricos, funcionais, estatísticos ou probabilísticos) a partir da identificación de situacións problemáticas da realidade.	MAB1.6.1. Identifica situacións problemáticas da realidade susceptibles de conter problemas de interese. MAB1.6.2. Establece conexións entre un problema do mundo real e o mundo matemático, identificando o problema ou os problemas matemáticos que subxacen nel e os coñecementos matemáticos necesarios. MAB1.6.3. Usa, elabora ou constrúe modelos matemáticos sinxelos que permitan a resolución dun problema ou duns problemas dentro do campo das matemáticas. MAB1.6.4. Interpreta a solución matemática do problema no contexto da realidade. MAB1.6.5. Realiza simulacións e predicións, en contexto real, para valorar a adecuación e as limitacións dos modelos, e propón melloras que aumenten a súa eficacia.	CMCCT CSC CMCCT CSIEE CMCCT CMCCT
b e f g	B1.5. Práctica dos procesos de matematización e modelización, en contextos da realidade e en contextos matemáticos, de xeito	B1.7. Valorar a modelización matemática como un recurso para resolver problemas da realidade cotiá, avaliando a eficacia e as limitacións dos	MAB1.7.1. Reflexiona sobre o proceso e obtén conclusións sobre el e os seus resultados, valorando outras opinións.	CMCCT CAA CSC

Departamento de Matemáticas

Matemáticas. 1º de ESO				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	individual e en equipo.	modelos utilizados ou construídos.		
a b c d e f g l m n ñ o	B1.5. Práctica dos procesos de matematización e modelización, en contextos da realidade e en contextos matemáticos, de xeito individual e en equipo.	B1.8. Desenvolver e cultivar as actitudes persoais inherentes ao que facer matemático.	<p>MAB1.8.1. Desenvolve actitudes axeitadas para o traballo en matemáticas (esfuerzo, perseveranza, flexibilidade e aceptación da crítica razoada).</p> <p>MAB1.8.2. Formúlase a resolución de retos e problemas coa precisión, o esmero e o interese adecuados ao nivel educativo e á dificultade da situación.</p> <p>MAB1.8.3. Distingue entre problemas e exercicios, e adopta a actitude axeitada para cada caso.</p> <p>MAB1.8.4. Desenvolve actitudes de curiosidade e indagación, xunto con hábitos de formular e formularse preguntas e procurar respostas axeitadas, tanto no estudo dos conceptos como na resolución de problemas.</p> <p>MAB1.8.5. Desenvolve habilidades sociais de cooperación e traballo en equipo.</p>	<p>CMCCT</p> <p>CSIEE</p> <p>CSC</p> <p>CMCCT</p> <p>CMCCT</p> <p>CMCCT</p> <p>CAA</p> <p>CCEC</p> <p>CMCCT</p> <p>CSIEE</p> <p>CSC</p>
b g	B1.6. Confianza nas propias capacidades para desenvolver actitudes axeitadas e afrontar as dificultades propias do traballo científico.	B1.9. Superar bloqueos e inseguridades ante a resolución de situacións descoñecidas.	MAB1.9.1. Toma decisións nos procesos de resolución de problemas, de investigación e de matematización ou de modelización, valorando as consecuencias destas e a súa conveniencia pola súa sinxeleza e utilidade.	<p>CMCCT</p> <p>CSIEE</p>

Matemáticas. 1º de ESO				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
b g	B1.6. Conianza nas propias capacidades para desenvolver actitudes axeitadas e afrontar as dificultades propias do traballo científico.	B1.10. Reflexionar sobre as decisións tomadas, e aprender diso para situacións similares futuras.	MAB1.10.1. Reflexiona sobre os problemas resoltos e os procesos desenvolvidos, valorando a potencia e a sinxeleza das ideas clave, e apréndeo para situacións futuras similares.	CMCCT CAA
